


# REVISTA ESCOLAR ESPERPENTO

Nº31 XUÑO 2011



CEIP CAMPOLONGO  
PONTEVEDRA





# CEIP "CAMPOLONGO"

## PONTEVEDRA



ROSARIO  
PAZOS GULÍN



CONCEPCIÓN  
BARGIELA GONZÁLEZ



JOSÉ CARLOS  
OTERO LÓPEZ



MERCEDES  
MÁRQUEZ RODRÍGUEZ



Mª MILAGROS  
GÓMEZ LAMELA



FABIOLA  
ABOAL CASTRO



MIGUEL  
ABOLLADO GONZÁLEZ



BRAIS  
AMOEDO FERNÁNDEZ



ALFONSO  
BLÁZQUEZ SANMAMED

# EDUCACIÓN INFANTIL



SOFÍA  
FERNÁNDEZ PINTOS



MARÍA  
DOMÍNGUEZ TORRES




SAMUEL  
DOMÍNGUEZ FRANCISCO



DANIEL  
CERNADAS MAGARIÑOS



ALONSO  
CASTIÑEIRAS BALIGE



DAVID  
CARRACEDO VICENLLE



MARÍA DEL CARMEN  
GARCÍA BALEA



MIGUEL  
GARCÍA BALEA



DANIEL  
GARCÍA CASTIÑEIRA



ALEX  
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ



JUAN  
GULÍAS RODRÍGUEZ



BREOGÁN  
IGLESIAS LEDO

2010 - 2011



MARTÍN  
VÁZQUEZ BRAÑA



SAMUEL  
SUÁREZ SUÁREZ



MIGUEL  
SIERRA MALVAR



ANTÍA  
RODRÍGUEZ RAPOSO



JUAN  
PARRA TORRES



DIEGO  
OTERO TILVE



SOFÍA  
MONTAGUT ABOAL



MANUEL  
MARTÍNEZ GARCÍA



LUCÍA  
LOGROÑO SUEIRO



# SUMARIO

Orla infantil.....	2
Sumario.....	3
Xubilación director.....	4-5
Amigos.....	6- 7
Magosto. Versos do outono.....	8-11
Pesadelo de Samaín.....	12
Traballo sobre o millo.....	13
Mago Pedro Volta.....	14
Chega o Nadal.....	15
A nosa horta.....	16
Hai Entroido en Campolongo .....	17
O Entroido.....	18-19
O loro Ravachol.....	20
O coello.....	21
O misterio da auga do deserto.....	22-23
Artistas primeiro A.....	24-26
A camelia.....	27-29
UNESCO.....	30-32
Os nosos xogos.....	33
O mago Cali.....	34-35
X.M.Pintos.....	36
Diamanta das palabras.....	37
Fichas das nosas árbores.....	38
Fichas dos nosos paxaros.....	39
Manuel Quiroga.....	40
A cadela Mila.....	41
II Xogos San Telmo.....	42-43
O maio.....	44-45
Viaxe cultural quinto.....	46-49
Exposición de bonsais.....	50
Dona da Terra.....	51
Correlingua.....	52-53
Xadrez na escola.....	54
Lois Pereiro.....	55-57
Nai.....	58
Saboreando os libros.....	59
Pasatempos.....	60-65
Remata o curso.....	66
Orla de 6º.....	67



## UN CICLO QUE SE PECHA E UNHA NOVA ETAPA QUE SE ABRE



Cando o coordinador de Dinamización Lingüística me encargou redactar esta sección da Revista Escolar Esperpento como despedida, teño que recoñecer que non me pareceu unha boa idea porque as despedidas as prefiro presenciais e mirando aos ollos ás persoas. Non obstante, despois de darlle algunhas voltas cheguei á conclusión de que esta sección podía ser un extraordinario balcón para facer chegar o meu agradecemento a toda a comunidade educativa de Campolongo, o apoio e a colaboración que sempre sentín no cargo de Director, polo cal aceptei e agradecín a proposta de Xabier.

¿Que sento nestes momentos en que finaliza a miña traxectoria profesional e a miña responsabilidade na Dirección do colexio? Ademais dun sentimento de agradecemento moi sincero, unha mestura de nerviosismo, de emoción e de tremor nas miñas entrañas. É sen dúbida unha sensación especial difícil de describir.

Agora, cando cheguei ao final dun ciclo fundamental na miña vida e a unha páxina que se pecha, é o momento de mirar polo espello retrovisor para facer un balance dunha traxectoria cargada de grandes recordos e extraordinarias vibracións.

Ao longo de nove anos no posto de Director intentei abrir as portas e as ventás do CEIP Campolongo, tanto aquelas que dan aos patios interiores como as que dan ao exterior, buscando converter este centro no **BUQUE INSIGNIA** do ensino, unhas veces con acerto e outras con sensación de impotencia por non lograr o desexado.

Pero o que si vos aseguro é que sempre exercín o cargo con ilusión e con ganas, tendo moi claro que o director non o sería sen o claustro, o mesmo que o mestre non o sería sen o alumno, nin o pai sen o fillo, nin o branco sen o negro, nin o listo sen o parvo, nin o rico sen o pobre.

Chega o momento de irme cun pasado moi rico en recordos, onde a miña vocación polo ensino me converteu nun profesional moi afortunado, nun mestre que gozou co seu traballo e sempre consciente de que os pais me concederon a grande responsabilidade de formar os seus fillos, o cal supuxo sempre para min un estandarte que guiaba a miña traxectoria.

Mentiría se afirmase que todo o traxecto transcorreu por tramos de fina area porque, vós sabédelo, tamén tiven que cruzar camiños pedregosos, pero grazas á vosa axuda e ao traballo en equipo, esas etapas superáronse con éxito.

De tódolos xeitos, o paso dos anos e moito máis nestes momentos, axudáronme a eliminar o dramatismo e a obxectivar a carga emocional dos escasos momentos de insatisfacción a que me estou referindo e paulatinamente foron caendo no esquecemento e agora quedo solo coa sensación e co buqué dos bos recordos e desa oportunidade que tiven de dirixir un colexio de referencia. Isto para min foi un regalo na miña vida profesional, un motivo de san orgullo e unha extraordinaria oportunidade de aprendizaxe que me fixo crecer, tanto persoal como profesionalmente.



Aprendín moitas cousas, incrementei a miña relación social e fixen novas amizades.  
**SEN DÚBIDA PAGOU A PENA!**

Grazas pola vosa colaboración, por todo aquilo que forma parte xa da miña historia, da miña experiencia e polo tanto da miña vida. Grazas por ser as miñas mestras, polo que me ensinastes e sobre todo pola vosa amizade, pola vosa lealdade e pola vosa confianza.

A vós, compañeiros e amigos e a todos os integrantes da comunidade educativa débovos as oportunidades que tiven e que souben aproveitar con diferente fortuna. A vós débovos a ilusión, a asistencia, a colaboración, nunha palabra, o ensino.

Voume coa sensación do deber cumprido, creo que cos deberes feitos, sabendo que me equivoquei moitas veces, que as miñas decisións foron erróneas nalgúns ocasións, pero tamén me vou co convencemento de que sempre actuei tendo en conta as miñas limitacións pero actuando da mellor forma que souben, buscando sempre o mellor para esta comunidade educativa á que tanto quero e coa que sento tan identificado.

E nestes momentos de despedida confésovos que o meu paso por Campolongo pagaría a pena se todos vós fosedes capaces de ver en min e recordarme non como a un director, senón como a un compañeiro e amigo que sempre actuou guiado polo empeño de axuda aos demais e pola busca e defensa da mellor calidade educativa.

Deixo de mirar polo espello retrovisor para centrar agora a miña mirada no parabrisas porque chega para mi unha nova etapa con renovadas ilusións e motivacións, con novos contidos, novos intereses e por suposto moi consciente de que isto é o que marca o cambio: o paso dunha etapa biolóxica e emocional, emparellada a unha profesional.

Moitas grazas a todos e a todas pola vosa comprensión e pola vosa axuda, pero sobre todo pola vosa amizade e cunha énfase moi especial ao equipo directivo, José Manuel, Sebastián, Cecilia, Rosa e a todos os membros do claustro que me acompañastes ao longo deste tempo, facendo bo e confirmando aquilo de que "DIRIXIR É A ARTE DE SABER RODEARSE" e sen dúbida, eu sempre me sentín moi ben rodeado neste centro.

Non me gustaría rematar sen pedirvos apoio para o meu sucesor no cargo, o profesor Pachú, quen seguro volo agradecerá e por suposto unión entre todos os membros da comunidade educativa de Campolongo para ofrecer propostas de actuación e tomas de decisións, formando un equipo compacto capaz de levar o temón deste buque a un bo porto que non é outro que **a mellor calidade educativa para todos/as os alumnos/as**.

Quero despedirme facendo uso das palabras de Baltasar Gracián :

*No existe desierto como vivir sin amigos;  
 la amistad multiplica los bienes y reparte los males;  
 es remedio único contra la adversa fortuna  
 y un desahogo del alma*

Amigos e amigas de Campolongo : alumnos/as, profesores/as, pais/nais, persoal non docente, permitídemme seguir sendo o voso amigo e dicirvos ATA SEMPRE ! UNHA APERTA !



# AMIGOS

O pasado domingo fun coa miña familia a pasear polo Lago Castiñeiras e pareceume un lugar extraordinario. A paisaxe



de outono era moi fermosa pois había moitas árbores cheas de castañas e collemos bastantes que estaban no chan. Tamén había un lago con parruliños,

ras, paxaros de moitos cores e, seguramente, habería ourizos e esquíos. Ademais vimos fungos nos troncos das árbores.

Facía moi bo día e había moita tranquilidade. Eu pensei: Que sorte teñan estas castañas por vivir nun lugar tan bonito!

De camiño a Pontevedra pasamos polos campos de cultivo e vimos lonxe unha persoa. Ao achegarnos máis vimos un espantallo. Levaba unha

camisa de cadros, un pantalón de raias e un sombreiro de palla. Que gracioso era!





Ao día seguinte fun coas miñas amigas ao parque de Campolongo e fixeime nos seus castiñeiros. Eran bonitos pero parecíanme máis tristes que os do Lago Castiñeiras, quizais porque a min gústanme moito os animais e no parque case non había e ademais os nenos trepaban polas súas pólas e berraban moito.



Esa mesma noite tiven un soño

moi fermoso: aparecía unha castaña do Lago Castiñeiras que decidiu irse á cidade porque aburríase n o campo pero cando chegou decatouse de que



botaba moito de menos a paz, a tranquilidade e sobre todo aos seus amigos : os parruliños, os coellos, as ras, os esquíos, os ourizos e ó espantallo, que tamén saía no meu soño. A castaña pensouno mellor e volveu a súa casa no campo. Se eu fose unha castaña, tamén elixiría este lugar para vivir.

Helena Marín Herrero



# MAGOSTO

No outono,  
por soutos e outeiros  
locos os castiñeiros.



Checos de bolínas pequenas,  
espiñentas e amarelas.



Gardan un tesouro,  
maís valioso có. ouro.



Son as pequenas castañas,  
sabrosas, brillantes e delicadas.



Cocidas, asadas,  
en doces ou trituradas.



Que ben saben .  
as castañas! Sabela Álvarez 4º A









# O MAGOSTO

Chegou o outono,  
 imos aos soutos,  
 collemos castañas,  
 celebramos magostos.



No noso colexio,  
 no lume as asamos,  
 tisnamos as caras,  
 que ben o pasamos!



Nenos e nenas  
 cantamos, bailamos  
 e con moito trajeo  
 a festa rematamos.



Colectivo 3º A



## MAGOSTO

O día 16 de Novembro celebramos o Magosto que é unha festa na que comemos castañas, xogamos e hai actuacións. Primeiro fixemos os cucuruuchos con papel de periódico na clase, deseguido saímos ao patio e estivemos escoitando a uns gaiteiros, a continuación fomos nós os que cantamos as cantigas do Magosto e despois houbo máis actuacións. Máis tarde estivemos xogando aos bolos, eu fixen dous plenos e cinco semiplenos. Foi moi divertido logo pasamos a xogar ao trompo e tamén xogamos á petanca na que había que intentar lanzar unha bóla pequena e con outra máis grande intentar tirala e que quedara o máis preto posible. Despois fomos á clase e seguimos facendo as nosas actividades.



María Carballal 4ºA



## VERSOS DO OUTONO

Chegou o outono,  
foise o verán,  
aínda que o sol  
é moi testán.

As nubes xa veñen,  
soltan chaparróns,  
e o chan do parque  
vólvese marrón.

Vai frío no inverno,  
calor no verán,  
mais eu quero o outono  
porque é singular.

Outono na cidade,  
outono no campo,  
mires onde mires  
de follas hai manto.

Follas por aquí,  
follas por alá,  
as follas son do outono  
e del non separarán

Paloma Otero López - 5°C



# Pesadelo de Samain

As noites son negras, as mañás brancas  
as veces te perdes e outras te sobresaltas.

Hai seras e ata pantasmas  
que teñen un pouco de asma.



Laveiras viventes,

que se te atrapan, te arreprentes.

Criaturas de corazón negro,

¡Coidado! que eu non os aterro.



Ánimas, e espíritos raros,

¡Atención que son moi malos.

Os castelos encantados,

as veces parecen engadados.

Ó final todo foi un pesadelo,

¡E eu non podo creelo!



Teresa Cortegoso 3<sup>º</sup>B



# TRABALLAMOS CO MILLO



l	i	x	k	r	y	l	ç	g	a	o	q
h	o	f	ñ	w	b	t	r	e	e	c	p
ñ	h	w	s	x	a	b	f	b	i	a	z
t	k	m	g	e	r	d	u	r	a	r	o
b	y	y	b	r	b	e	ç	o	e	o	ñ
r	m	ñ	i	g	e	k	g	a	u	c	ç
m	e	i	ç	o	l	d	n	b	ñ	h	b
e	d	a	w	n	a	i	g	e	o	a	t
l	a	e	o	p	e	n	d	o	n	k	m
z	f	s	l	h	v	c	a	r	o	l	o
t	m	n	u	h	s	ñ	f	a	t	r	l
ç	u	y	h	q	z	ñ	m	i	l	l	o

Un dos traballos máis lucidos neste curso foi o do MILLO. Contamos algunhas cousas del:

Seméntase, sáchase, raréase e réndase na primavera.

Sácaselle o curuto para que madure no verán.

Esfóllase, escaróchase, recóllese e métese na cabana no outono.

Consérvase na cabana (hórreo) e cómese no inverno.

Facemos fariña, pan, empanadas, flocos ... e incluso se fan bolígrafos ecolóxicos.

Busca nesta sopa de letras estas palabras relacionadas co millo:

Millo, carolo, pendón, barbel; carocha, broa, meda, xergón

EDL

# O MAGO PEDRO VOLTA



O día nove de novembro fomos ao Teatro Principal a ver un mago chamado Pedro Volta, fixo moitos trucos e ensinounos

outros magos. A min o que máis me gustou foi un mago que se atopaba nunha xerra de auga atado con cadeas e tapado cunha manta, de repente desaparecía.

Ao final case da actuación pediu unha nena voluntaria e

colleu a Inés, unha nena da miña clase. Inés foi ao escenario e pediulle o zapato; deulle o seu zapato e Pedro meteuno nunha caixa. A caixa estourou! Inés quedou cunha cara pálida. Pero Pedro atopou o zapato de Inés nun papel de regalo. Despois debuxou unha cara dun neno nun papel, e resulta que o neno movía os ollos. Esquecíaseme! Resulta que Pedro intentou facer o truco do mago que se ataba con cadeas e tivo que chamar a dous mestres voluntarios. Elixiu ao meu mestre e máis a unha mestra de sexto. Tapárono cunha manta, pero Pedro non tiña a chaqueta posta, aínda que seguía atado, logo volvérono a tapar e desatouse, e con este truco remata a miña redacción.



Texto: Laura Bacariza Baltasar

Ilustración: Laura Bacariza Baltasar e Antía Centeno Barreiro  
Cuarto A.



O Nadal celebrouse o día 22 de decembro de 2010. En primeiro lugar fomos ao ximnasio. Estaba cheo de xente tanto de profesores como alumnos. Había un gran escenario e no fondo unha paisaxe pintada. En fronte estábamos nós, sentados nunhas cadeiras de madeira.

Lembro, que os de 4<sup>º</sup>A cantamos unha panxoliña chamada "No Pendello". Logo os de 4<sup>º</sup>B e 4<sup>º</sup>C cantaron outra canción pero non sei o nome. Tamén actuaron 4 nenos de 6<sup>º</sup> curso e os de primeiro, nunha obra titulada "Branca-neves" (que xa sabemos a historia).

Despois nos puxemos de pé para poder bailar (un pouco) a canción de Waca Waca, representada polos de 6<sup>º</sup> (encantounos!).

Todos tivemos algo que facer nese día de ledicia! Riamos, cantábamos, bailábamos!

As veces os profesores polo micrófono tiñan que pedir silencio, porque estábamos moi ledos e non parábamos de gritar e de falar.

Por último o director repartiu uns diplomas dos debuxos de Nadal.

Gañou Iria a da nosa clase!

Clara Abad de la Cierva . Iria Alén Caamaño 4<sup>º</sup> A




# A NOSA HORTA

Os nenos de primeiro fixemos unha pequena horta. Primeiro, botamos terra nunhas caixas de plástico. Logo fixemos uns buratos coas mans e alí metemos a terra ao seu redor. De seguida botámoslle un pouco de auga coa regadeira.

Cada poucos días regamos para que non sequen. Tamén fixemos uns carteis cos nomes das verduras que plantamos: leituigas, repolos, amorodos e cebolas.

Foi unha experiencia moi divertida.

Hugo Calvo Castro 1ºA







# Hai ENTROIDO en Campolongo!



O VENRES 4 DE MARZO  
CELEBROUSE O ENTROIDO,  
Unha festa na que a xente se  
disfraza e pásao moi ben.  
Houbo moitos disfraces sobre  
todo de piratas,

Tamén houbo moitas actividades, bailes e se sorteou unha cesta de Nadal. Algúns nenos pasaban de bailar e íanse a xogar ao fútbol. Os de sexto vendían filloas, orellas e moitos pastelinhos; xa que o diñeiro era para a excursión de fin de curso. Os nenos de infantil celebraron o Entroido no comedor e os de primaria por todo o patio.

Sabela, Ana, Clara e Carla de cuarto A e Paloma de cuarto B facían tatuaxes aínda que non eran moi caros pero os debuxaban moi ben. A festa rematou as oito pero o Entroido non rematara porque aínda quedaba moita festa por Pontevedra. Logo tivemos vacacións ata o 9 de marzo ¡Que ben!

Sábela Álvarez Lariño e Laura Bacariza Baltasar Cuarto A



# O ENTROIDO

O entroido chegou,  
as caretas da se fan,  
as filloas coas orellas,  
Luntinas van.



Á sanse chourizos,  
moi ricos están!

Os menos con antefaces,  
entran xa.



Álvaro Barbazán, 2ºA



No entroido: disfraces  
bailes, xogos, diversión,  
chourizos, filloas, orellas...  
comes mogollón!

Carlos Montañut - 2ºA



# O ENTROIDO



O entroido é divertido,  
disfraces e artefaces  
levar todos os rapaces.

Os nenos usan chourizos  
e comen filloas e orellas,  
verás que ben quedan!

Un neno con careta  
leva unha maleta,  
de que vai disfrazado  
con esa chaqueta?



Alumnos/as de 2º A





# O LORO RAVACHOL

Ravachol era un loro que viviu hai anos en Pontevedra. Tírao un farmacéutico na súa farmacia, que estaba na zona vella da cidade. Era un loro moi listo porque cando ía alguén á farmacia falaba. A xente foille collendo cariño e cando morreu fixéronlle un enterro igual que se fora unha persoa. Desde entón, séguese a tradición e todos os anos se celebra o enterro do loro Ravachol no Entroido.





O

coello

O coello salta  
o coello bota.

Se mete na casa  
o gato se enfada.

¡Que cousas locas  
fai este gato!

Toda a casa  
patas viradas,  
despois na cocina,  
toda a comida  
púxose loca.

Xa teño o  
coello e non  
para de saltar,  
porque o coello  
non para de botar.



Jorge Luis 2<sup>o</sup> C



# O misterio da auga no deserto

Samará era un pobo perdido no deserto. Os seus habitantes vivían en haimes, eran moi pobres e so tiñan indispensable.

Amina e Amán eran dúas nenas que vivían no poboado. Tiñan que percorrer moitos kilómetros cada día para poder colleter auga en grandes cántaros de auga do pozo.

Un bo día sucedeu un milagro, do medio do poboado na arena empezou a brotar auga.

Os habitantes de Samará puxéronse moi contentos, pero nadie entendía de onde saía a auga milagrosa. Entón Amina e Amán decidiron ir a investigar...

Amina e Amán as dúas amigas achegáronse ao chorro de auga.

Veron que non pasaba nada, deron un sorbo, non pasaba pero chearon un cubo e... ¡Comenzaron a brotar plantas subterráneas, que as atraparon e as levaron debaixo da terra!

As colgáron durhas cordas que iban baixando ata un río de la lava.

Pero de pronto aparece un exercito de sirugas "nija", intentaron absorber a lava pero era demasiado largo, entón se lles ocorreu unha idea.

Chamaron as súas amigas as arañas.

As arañas texeron e texeron ata facer unha malita sobre o río, pero quedaba moi pouco tempo, ¡Tiñan que chamar a alguén máis.





Entón a unha araña se lle ocorreu algo.

Chamaría aos seus enemigos os mosquitos moscas e moscóns para que fixeran unha bandada e as nenas subéronse nelas e así fixeron.

As duas amigas estaban sorprendidas!

Habían sido salvadas por un exercito de insectos.

Para celebralo fixeron una festa no pobo e invitaron a todo tipo de insectos, sirugas, moscas, mosquitos e moscóns e ata saltóns, xoarínas e volvorotas.

E incluso parentes lonxanos coma escorpións e tarántulas.

Despois da festa xuntáronse un grupo de persoas para construír unha fonte que Amara e Aomar e os insectos salvaron Samara.

Ah! esquecíaseme os insectos descubriron de onde vira o chorro de auga e as plantas e o río de lava. Viñan dun mecanismo que crearon topos intelixentes.

E así remata esta historia dun país pobre en diñeiro pero rico en felicidade.



Jana e Clara 3º B



# OS ARTISTAS DE PRIMEIRO A

Os alumnos de primeiro A fixemos este curso unha actividade que nos gustou moito. A mestra traía á clase láminas con cadros de pintores e algúns de nós levabámoas para a casa e pintabámoas, ben copiándoas ou ben á nosa maneira.



Delia



Clara



Carlos e Hugo

Pintamos cadros de pintores moi famosos, como: estes de Van Gogh: "Os xirasoles", que fixo Delia.





Ou "A noite estrelada", que pintou Clara  
Os "Círculos" de Kandinsky  
gustáronnos tanto que  
temos dous cadros, un  
feito por Hugo e outro por  
Carlos.



Ana Días  
pintou "O Galo" de Miró  
dun xeito moi especial.  
Lucía pintou un fermoso  
"Amencer" de Miró.



Pintamos dous cadros de Picasso, "Muller  
con baina vermella", feito  
por Ana C. e "Muller  
cunha flor", pintado por  
Daniela.

Tameín tiñamos cadros de  
dúas pintoras galegas.





Daniela Pontoredra



Sonia pintou as "Uxas"  
Maruja Mallo.

E Uxia fixo, "A meiga da  
ría" de Marina Cocos,  
unha pintora de  
que ven

visitarnos á  
escola.


Con todos os  
cadros fixemos unha  
pequena exposición que  
gustou moito.



Alicia Brana Balige 1º A



# A CREENDA DAS CARABELAS



Aproximadamente, alá polo 1710, dous irmáns, fillos dun gobernador portugués, embarcaron nunha carabela rumbo ás Índias. No viaxe foron atacados por sanguinarios piratas que os levaron a unha illa fermosísima, na que coa axuda dos nativos lograron fuxir . Aínda que pasaron penurias os dous nenos gozaron moito dos animais e plantas que viron por primeira vez. No marchar ocorréuselles a idea de gardar sementes , para intentar plantar na súa terra. No chegaren a Portugal , plantaron moitas sementes e conseguiron co paso do tempo uns xardíns de camelias que impresionaron aos reis de Portugal, concedéndolle aos rapaces moitos agasallos e poderes que eles agradecidos utilizaron para axudar aos nativos da Illa, que chamaron a Illa das Camelias.

Jago Barreiro 4º A




# A CAMELIA

No verde xadín  
que teño na miña aldea  
crece con moita ledicia  
unha fermosa camelia.



Sempre poño os meus ollos  
apuntando cara a ela  
para mirar con dorura  
a esta planta tan bela.



Cando quenta moito o sol  
vai en busca da frescura  
pon as follas protexendo  
unha fina arquitectura.



Botei unhas flores rosas  
que engalanar a casa  
e nela sempre se pousar  
as miradas de que pasa.



De Ana e Noa 5ºC



## A camelia mariñeira

Un día vin unha camelia  
que choraba sen parar.  
Pregunteille que pasaba,  
e ela dixo:  
"É que nunca vin o mar".  
Outro día, moi disposta,  
leveina bucear,  
e como ela non sabía,  
a punto estivo de afogar.  
A pobriña, ben inqueda,  
non quixo volver ao mar,  
e eu, sentíndome culpable,  
non a volvíñ molestar.

PALOMA OTERO LÓPEZ - 5º C





# XXIV CONGRESO ESTATAL DAS ESCOLAS ASOCIADAS UNESCO EN MELILLA

## "O BOSQUE"



Exposicións



Árbores do cole



Árbores do parque



Nome das árbores



Traballos

Video "Árbores Corpóreos"



Fichas



Debuxos



Fichas



Xogo - AVIFAUNA

Un dos traballos que presentaremos en Melilla este ano, na 1ª semana de xullo, ten que ver co traballado durante o curso sobre o tema do BOSQUE, que non foi pouco: charlas, paseos, exposicións, traballos, debuxos, fichas ...

Arriba temos unha imaxe da presentación, tipo "power point" que será o noso índice para expoñela en Melilla. Se a queredes ver tédzela na páxina web do colexio, no apartado ou categoría da UNESCO.

A exposición remata co Xogo educativo "As árbores do noso cole", que poderdes atopar, xunto con todos os traballos relacionados, no bloque de normalización lingüística do colexio, dentro da categoría "O bosque". O xogo para facelo con pantalla grande é mellor abrillo dentro da páxina web do colexio, en Xogos, Educación Física, ou na propia categoría UNESCO.

Equipo Escolas Asociadas UNESCO do CEIP Campolongo



# XXIV CONGRESO ESTATAL DAS ESCOLAS ASOCIADAS UNESCO EN MELILLA “OS XOGOS POPULARES”



O segundo traballo que presentaremos este ano neste Congreso en Melilla será o dos Xogos Populares que organizamos, xunto con outros centros, dentro das I Xornadas dos EDNL do Concello de Pontevedra. En total, foron preto de 20 centros os participantes, tanto nas xornadas lúdicas de infantil como as de primaria. Nas primeiras contamos co grupo de teatro pontevedrés, Migallas, e para primaria fixemos dous circuitos de 6 xogos cada un.

Destacar dentro das I Xornadas, que o persoeiro homenaxeado este ano foi o pontevedrés, Xoán Manuel Pintos, o gran precursor e defensor do galego, despois de Fréi Martín Sarmiento.

Equipo Escolas Asociadas UNESCO do CEIP Campolongo



# XXIV CONGRESO ESTATAL DAS ESCOLAS ASOCIADAS UNESCO EN MELILLA

## "OS XOGOS OPULARES" - 2



XOGANDO EN MONTEROS RÍOS



TIRASOGA



BIRILÉ FRONTE Ó CONCELLO



MONITORES  
Ciclo TSSAFAD - IES SANCHEZ CANTÓN



Os xogos deste ano foron: pələtrę, sętrę e mędia, muńño, pęrtanea, pano, malla, chapas, dęznaina, birilę, trompo, bolas, tręs pęs, e ręmatamos todos xuntos co tirasoga.

Equipo Escolas Asociadas UNESCO do CEIP Campolongo





# Os nosos xogos

Xunto co xogo "As árbores do noso cole", presentado nas páxinas da UNESCO, tamén fixemos estes dous que aquí temos, o primeiro feito co programa Xogamos sobre **Vocabulario dos alimentos**. E o segundo, "O cabalo e algo das árbores", sobre preguntas das árbores que rodean o noso río Gafos. Neste último tes que mover o cabalo como no xadrez para descubrir as preguntas e poder deste xeito comer os peóns para gañar o xogo. Nos dous poden xogar un ou dous xogadores. Os xogos poden atopalos no bloque do EDNL, na categoría "Xogos na rede". <http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/>

## Xogo. Vocabulario sobre algúns alimentos

**Xogamos?**  
Os alimentos  
Vocabulario en Galego

PREGUNTAS: 10  
CORRECTAS: 5  
14

Campolongo  
Como se chama este alimento?

1 Langosta  
2 Lagosta  
3 Xurelo  
4 Santiaguíño

## Xogo. O cabalo e algo das árbores

Cal destas árbores ten as follas vermellas?

A Abruñeiro de xardín  
B Pitósporo  
C Evónimo  
D Figueira



# O Mago Cali

Se fora mágica faría que / por arte de maxia / os humanos puideramos voar moi alto e que os pegasos existiran. Así poderíamos montarnos neles. Porque a min gustaríame moito voar e tamén ver os pegasos de verdade.

Tamén faría moitos truccos de maxia. Lucía 2ºB



Hoxe vin un espectáculo dun mago que facía cousas divertidísimas, ata que pensei ¡Se eu fose moga!

¡Xa sei! Faría un truco que lles gustara moito aos nenas, logo faría desaparecer cousas e logo terminaría cunha canción.

A miña parte preferida é cando "Cali" fixo moga a David un compañeiro de clase.


Julia Trabazos - 2ºA



# O Mago Cali

Se fose mago convertería a vida nun gran sorriso, iría ao teatro e faría rir aos rapaces. Tamén faría moitos trucos de maxia para facer unha vida especial.

Maria Gómez 2ºB




Se eu fose mago faría aparecer animais dentro do sombreiro, porque isto é divertido. Faría verdade os sonhos dos nenos para que fosen felices e trucos de maxia de paz para que non exista a guerra no mundo.

Silvia Barcala 2ºB



# XOÁN MANUEL PINTOS



Xoán Manuel Pintos é a figura máis importante da primeira metade do século XIX. Naceu en Pontevedra en 1811 e sendo moi novo trasladouse á Coruña para estudar Humanidades no Colexio dos Padres Dominicanos. Posteriormente estableceuse en Compostela coa intención de cursar Dereito. Co tempo chegaría a exercer como xuíz en Cambados e como fiscal no seu lugar natal, ficando cesante por mor das transformacións políticas da altura até o seu nomeamento como

Rexistrador da Propiedade de **Vigo**, cargo no que se mantería até a súa morte.

O pontevedrés é autor dun único libro trilingüe, "**A Gaita gallega**". No momento da súa morte estaba a confeccionar un dicionario, para o cal tiña anotados por volta de catorce mil vocábulos.

Para alén de **A Gaita gallega**, Pintos deixounos un amplo conxunto de poemas, entre os c'ye cabe salientar tres églogas e os **Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea (1858)**. Pintos destaca na época pola súa faceta de gramático e latinista. Tamén colaborou na prensa do momento cun grande número de composicións soltas e folletos entre os que podemos citar "**Rechamo**", onde fai unha chamada aos autores galegos para utilizaren a nosa lingua. Pintos falecen en Vigo en 1876.

Dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 1975.

Gonzalo Rodríguez Luis 6 C



## DIAMANTA DAS PALABRAS

Diamanta das palabras  
 Inicias o amor,  
 Axudas os nenos a  
 Medrar e fas  
 Un mundo mellor,  
 Nunca nos deixes sen cor.  
 Deusa da felicidade!  
 Inventas palabras,  
 Asómaste a xanela  
 Lucindo a tua beleza  
 Día tras día  
 Ata o mencer da sabedoría  
 Poesía necesaria  
 Ollo máximo  
 Espías as inxustizas  
 Soñas coa paz e  
 Ilustras o camiño da  
 Arte.



Colectivo 3º C.



# Fichas das nosas árbores

Nome común:

**PITÓSPORO – Azar da China**

Nome científico; *Pitossporum tobira*.

Familia: Pitosporáceas, O término "Pitosporum" deriva do grego e significa "semillas co revestimento resinoso"

Habitat Vive ben ao sol e a semisombra . Hai que protexelos das fortes xeadas. Fácil cultivo. Rego moderado, soporta ben a falta de auga.

Procedencia China e Xapón.

Descrición Arbusto ou árbore con polas curtas, moi difundido pola beleza da súa follaxe, facilidade de cultivo, pero sobre todo pola súa resistencia ao mar. De rápido crecemento.

Follas Simples persistentes, alternas ovales e obovales, estreitas na parte basilar, redondeadas polo extremo, de cor verde intensa pola cara superior máis pálidas e lampiñas polo envés..



Froito É unha cápsula redondeada duns 12 mm de cor verdosa , aberta deixa ver unhas semillas de cor marrón.



Flores Cheiran a azar, de forma estrelada e de cor branco que cando maduran se tornan amarelas. Se dispoñen en ramiños. Floración en primavera –xullo.



Pedro Sánchez Mancho – 6º C

Todo o alumnado do ciclo superior ficho unha ficha das árbores que temos na nosa contorna, arredor do prezado río Gafos. Aquí tes un modelo dunha desas fichas. Ver todas en: <http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/> /O bosque



# Fichas dos nosos paxaros



Nome galego **Bubela**      Nome castelán **Bubilla**  
 Nome científico: *Upupa epops*

**Habitat:** Atópanse en paisaxes chas ou onduladas en áreas temperadas, secas, con zonas arboradas non moi mestas ou vexetación rara.

**Descrición:** é unha ave co corpo do tamaño aproximado do dun merlo. O seu bico longo e fino, a crista na cabeza e unha coloración característica fan dela unha ave de aspecto inconfundible.

**Aspecto externo:** Miden de media 28 cm entre a punta do bico, longo e curvo, e a da cola. As ás teñen un debuxo característico de bandas brancas e negras. A crista da cabeza, que poden abrir pero adoitan levar recollida, mide uns 6 cm e está formada por plumas coas puntas brancas e negras. A cola é negra, cunha banda branca ancha no último terzo, e un debuxo branco na raíz. O resto do corpo é ocre rosado ferruxento.


**Curiosidades:** O seu voo ondulante lembra o dunha bolboreta. A golpes de ala longos seguen outros curtos, o que dá a impresión de inestabilidade e desequilibrio.

Pablo Fernández Porto - 5ºA

O alumnado de quinto fixo unha ficha dos paxaros que temos que ás veces nos sorprenden polos nosos bosque. Aquí tes un modelo dunha desas fichas. Ver todas en: <http://www.blogoteca.com/nlcampolongo/> /O bosque



# MANUEL QUIROGA



Manuel Quiroga Losada naceu en abril no ano 1892 e morreu o 19 de abril de 1961.

Nos seus primeiros anos recibe clases de Medal, Isidoro Puga e Juan Sagayo.

En 1904 recibe unha bolsa da Deputación de Pontevedra para recibir no Conservatorio de Madrid clases con José Hierro.

Con 16 anos acada o número un nas probas de acceso ó Conservatorio de París onde será alumno de Nadand. En 1911 obtén o primeiro premio de violín de


dito Conservatorio, o que lle permite dar os seus primeiros concertos por Francia e por España. O 26 de agosto dese ano triúna no Teatro Principal de Pontevedra, sendo levado a ombreiros dende alí ata a súa casa.

En 1914 viaxa a América, onde é coñecido como "o mago do violín". Percorre Cuba, Canadá, os Estados Unidos e Iberoamérica acompañado pola que sería a súa esposa, a pianista Marta Leman.

Como compositor escribiu pezas como *Lamento Andaluz*, *Danzas*

*Españolas*, *Lonxe da terra*, *Canto amoroso*, *Rondalla*...

A súa carreira viuse truncada en xullo de 1937 ó ser atropelado por un camión. Decidiu entón refuxiarse na pintura e a composición, vivindo entre Pontevedra e Compostela.



Morreu en 1961, sendo a súa invalidez irreversible.

Amalia Ferrer Doporto-5ºB





# A CADELA MILA



Eu teño unha cadela que se chama Mila. É de raza caniche e ten catro anos. Ten o pelo branco, tan branco coma unha bola de neve. Os seus ollos son moi negros e as patillas son curtas. É obediente, cariñosa e as veces algo medrosa.

Todas as mañás, antes de ir o colexio saímos a dar un paseo polo parque ela e máis eu, e ponse moi leda cando atopa outros cans e xoga con eles; algúns fins de semana levámola a praia para que corra diante das ondas e molle as súas patillas.

Dende o primeiro día que entrou na casa, cando era unha cadeliña e había que darlle o leite nun biberón, sentín que era unha máis da nosa familia, e preocupeime de educala e de darlle moito cariño. Agora, sempre que chego a casa, botáseme enriba e nove o rabo chea de ledicia.

Mila e máis eu somos moi amigas, e grazas a ela, eu son máis feliz, respectuosa cos animais e sei que teño unha amiga de verdade.

Sabela Álvarez Lariño 4º A



# "II XOGOS SAN TELMO" - O PORTO

O 29 de abril os nenos e nenas de cuarto



viaxamos a O Porto para participar nos "II XOGOS SAN TELMO" e competir con alumnos do colexio "Nossa Senhora de Lourdes". Pola mañá cando chegamos á escola fixemos unha fila na porta da nosa clase e baixamos á zona da entrada principal, alí estaban algúns pais para despedirse ata a noite.

Pasado un tempo, arrancaron dous autobuses, neles viaxaban acompañándonos os profesores

Sebastián, Victoria, Nito, Rosa e Pilar. Polo camiño fomos cantando escoitando música e falando entre nós.

Ao chegar a O Porto, cando xa estábamos preto do campo, o condutor perdeuse e atopamos cun policía e lle preguntamos como chegar alí, certamos co sitio ao pasaren uns minutos, de seguido xa estábamos collendo as mochilas do maleteiro. Ao entrar ao campo había uns nenos vestidos todos de azul e xogaban moi ben, o meu equipo estaba asustado do ben que xogaban. Entramos aos vestiarios e deixamos as mochilas.

Pola mañá formamos catro equipos masculinos e catro femininos e xogamos a "mata". O equipo Galicia 1 feminino gañou unha medalla de ouro e os nenos tamén gañaron a súa. Despois comemos alí mesmo.

Ía moita calor, pero recuperamos comendo e bebendo o que traíamos nas mochilas, ao acabar de comer, estivemos practicando ao fútbol cos nosos





total conseguimos de catro: gañou o tanto en fútbol tamén gañaron os mata.



nosos zapatos, porque os portugueses nos deixaban xogar cos seus balóns . Pola tarde prosegue a competición e tócalle a quenda aos de fútbol. O Equipo Galicia 1 feminino volveu gañar outra medalla. En tres primeiros premios equipo feminino como en mata, e logo rapaces no xogo da

Cando rematamos os partidos fixémonos unhas fotos , collemos as mochilas pois xa eran as seis da tarde, subimos aos autobuses , leváronnos a unha sala onde nos deron unhas medallas Ao grupo das nenas lle deron dúas a cada unha, porque gañamos na mata e no fútbol. Aos do grupo de nenos do colexio lle deron unha porque gañaron no fútbol. E os nenos de O PORTO só gañaron unha no fútbol. Ao acabar alí fomos ao colexio "Nossa Senhora de Lourdes" . Era enorme!!!,



déronnos de merendar un zume e un croissant , había algúns que nos insultaban todo o tempo. Despois subimos ao autobús e cando levabamos percorridos uns minutos, o autobús estragouse, entón paramos nun sitio a tomar a nosa merenda e compramos un xeado . Cando pasou media hora xa estaba todo arraxado, fomos de novo ao autobús para volver ao colexio . Viñemos escoitando música e cantando. Chegamos a Pontevedra ás dez e media aproximadamente. Os nosos país recibíronnos contentos. Foi un día Xenial!!!

Laura , Ana, María C. , Clara e Sabela 4 A

MAIO

2011



Chega ledo o noso Maio  
a esta praza de pedra  
cos oliños ben abertos  
coma un sol de primavera.

Para darlles a benvida  
xa comezan a soar  
estas coplas retranqueiras  
que lle guindamos ao ar.

Repenican ás campás  
na fermosa Ferraría  
mentres Campolongo canta  
con engado e alegría.

Viñemos cantar os Maios  
na lingua da nosa terra  
que o saiban os que mandan  
e non queren defendela.

Vestimos o Maio verde  
de cores engalanado  
xa pode estar orgulloso  
de como vai rematado.

De fiúncho foi cuberto  
e con flores coroado  
para vir a esta festa  
como un mozo ben plantado.

Rosiña do mes de Maio  
chea de orballos na aurora  
aledas os nosos ollos  
cada primavera nova

Campolongo é noticia  
polo conflito escolar  
suprimiron a Infantil  
e todo o mundo a calar

Tempo andando e cousas vendo  
quen nolo fora contar  
que nenos e profesores  
se tiveran que marchar.

A movida non é nova  
parte do curso pasado  
cando a Xunta nos coloca  
exceso de alumnado.

Moitas voltas que lle deron  
para non dar arranxado  
agora chegan a isto  
co proceso preiteado.

Polo Concello latrican  
gobierno e oposición  
están quentando motores  
de cara ás eleccións.

Despois do corpo a corpo  
lanzan a artillería  
pois gastar tanto en liortas  
ben o vale unha alcaldía.

Lores reclama limpeza  
e Telmo está de acordo  
denuncia o de Naturgalia  
para aclaralo todo.

O tema de Construcuatro  
seica é un caso á parte  
se alguén cobrou demais  
de seguro que reparte.

Sabías ou non sabías  
o que pasa co das obras  
unhas paran pola Xunta  
polo Concello as outras.

Mentres o investimento  
lisca para outro lado  
e coma sempre o futuro  
quedarán hipotecado.

A Xunta funciona ben  
cando ten que inaugurar  
para resolver problemas  
non os vaias molestar.

Recortan no das axudas  
tamén recortan dereitos  
contratan coa privada  
así lle locen os feitos.

As promesas contra o paro  
quedaron no esquecemento  
só piden competencias  
para o medicamento.

A Sanidade mellora  
coa nova tesoirada  
non enfermes polas tardes  
que che deixan na estacada.

Zapatero está queimado  
o seu partido tamén  
acabóuselle o talante  
non os pode ver ninguén.



# MAIO 2011

Buscan novo candidato  
que os axude a gañar  
con Chacón ou Rubalcaba  
teranse que apañar.

A calquera que presenten  
pouco lles vai a servir  
a xente soña cun cambio  
que lles resolva o porvir.

Para iso está Rajoy  
vendo pasar o tempo  
mentres fuma do seu puro  
e aumenta o descontento.

Mariano o esperado  
el xa ten a solución  
para axudar ao país  
o seu grupo vota "non".

De programa non precisan  
para apertar aos de sempre  
só queren o poder  
nada lles importa a xente.

A crise non é pra todos  
só ataca aos máis febles  
arreda dos poderosos  
isto non che vai con eles.

Hai políticos que seguen  
mantendo os privilexios  
eles malgastan ás toas  
para nós, deixan pelellos.

Co desfalco dos corruptos  
e o axuste dos mercados  
acabamos na miseria  
ou na lista dos parados.

AVE, AVE haberá  
pero non se sabe cando  
cada ministro que entra  
anda a poñerlle o ramo.

Caixa Nova, Nova Caixa  
Caixa para a desfeita  
Galicia segue espoliada  
por xerentes sen conciencia.

Os aforros dos galegos  
marchan outra vez pra fóra  
cunha xestión avarenta  
que a todos nos amola.

Un pasiño para adiante  
tres zancadas para atrás  
a ENCE fóra da ría  
nin a ves, nin a verás.

Os que queiran celulosas  
para amasar máis pasta  
que lle planten eucaliptos  
nas hortas da súa casa.

No país do sol nacente  
houbo traxedia e desastre  
co tsunami e as nucleares  
non hai peito que aguante.

Somos un e máis de dous  
somos miles pola lingua  
somos os que a falamos  
para que nunca se perda.

Moitos séculos escuros  
coa Lingua esquecida  
resistindo da aldraxe  
a que estivo sometida.

Grazas á oralidade  
o galego segue vivo  
coas tonadas e cantigas  
foise abrindo camiño.

Os que desprezan a Lingua  
da terra onde naceron  
xa semellan renegados  
ou o xuízo perderon.

Galegos amade a Lingua  
porque é noso tesouro  
agarimo dos que falan  
coa palabra dun pobo.

Nas follas da flor do día  
vestiuse a copla de vento  
sucou parques cruzou prazas  
trouxo sons de encantamento.

E ficou na Ferraría  
coa alba deloirdada  
foi pra ledicia de todos  
nesta mañá arelada.

Polo ar a derradeira  
nos beizos unha cantiga  
no sorriso un adeus  
e coas mans a despedida.





# VIAXE CULTURAL Á SERRA DO BARBANZA

☉ martes 10 de maio de 2.011, os alumnos de 5º fomos á excursión de fin de curso. O día anterior todos estabamos moi nerviosos, xa que este evento non se repetiría de novo ata o ano seguinte.



Como sempre, os que se marean no autoleús tiveron que tomar os medicamentos axitados ou mascar un chicle. E, por suposto, tampouco faltaron as cancións que se cantan

durante as viaxes.

Do chegar ao noso destino fomos ata o Castro de Neixón, onde, ademais, tamén xogamos un rato. Despois, a nosa guía, Sandra, púxonos un vídeo informativo sobre os castros, dolmenes e petróglifos e amosounos unha maqueta da Península do Barbanza na que vimos a súa situación. Logo disto tomamos a nosa merenda de media mañá, pois o ruído das nosas tripas era insoportable.





Cando xa mataramos a fame, subimos outra vez ao autobús e nos diriximos ao Mirador de A Curota, en Pobra do Caramiñal, onde sacamos unhas



fotos preciosas da paisaxe.

Algúns nenos tiñan vertixe e non se atreveron a mirar cara abaixo, pero, a pesar de todo, ninguén quería marchar de alí.

Dende logo, cando nos decatamos de que abandonabamos aquel fermoso lugar para tomar os nosos bocadillos, tortillas, carne e demais manxares, pasóúsenos a pena nun dicir amén.

Despois de xogar un intre nun escampado, comezamos a nosa camiñata pola Praia do Vilar. Como non se podían pisar os arredores da praia, tivemos que ir pola estreita pasarela de madeira. Polo camiño tamén vimos a Aula da Natureza que alí se atopa.

Do rematar, fomos no autobús ata o Mirador da Pedra da Rá, onde sacamos moitas fotos para non esquecer aquelas vistas.

Como o mirador era moi pequeno, os nenos e nenas das tres clases tivemos que subir de quince en quince.





En continuación, viaxamos ás Duras de Corubedo. Ao chegar, o profesor Sebastián avisounos de que tivéssemos coidado, pois podía haber serpes. Despois de pasar por un camiño de madeira (que de certo era moi ancho), paramos enfronte das duras. Quedamos moi decepcionados ao saber que non nos poderíamos tirar aos solos por elas abaixo.



Media hora máis tarde dirixímonos ao Faro de Corubedo que está na punta do cabo do mesmo nome, accedendo a el por unha estradaña que atravesa o chan areoso.

Finalmente, fixemos a nosa última parada no Dolmen de Axeitos, tamén chamado Pedra do Mouro, que é un fermoso monumento megalítico da Península de Barbanza. Alí merendamos e estivemos xogando un bo rato ata que os mestres nos dixeron que xa era hora de regresar a Pontevedra.

Para ser sinceros, onde mellor o pasamos foi no Castro de Neixón, pois o profesor Sebastián nos axudou a uns cantos de nós a preparar un







ataque sorpresa con piñas contra aos nosos compañeiros de clase.



Aina Núñez Barros - 5°C.

Paloma Otero López - 5°C

Noa Touriño Martínez - 5°C




Alumnos de 5º A, B e C no Faro de Corrubedo.



# Exposición de bonsais



A arte dos bonsais orixinouse en China hai uns **dous mil anos**, como obxecto de culto para os monxes taoístas. Para eles **era símbolo de eternidade**, a árbore representaba unha ponte entre o divino e o humano, entre o ceo e a terra. No sur da China a arte do bonsai consistía en transmitir todas as características dunha árbore desenvolta na natureza a unha árbore pequena, cultivada en maceta. Un bonsai non é unha planta xeneticamente empequencida. Mantense pequena dándolle forma e podando o tronco, as follas e as raíces. Un bonsai mantido correctamente sobrevivirá o mesmo tempo que unha árbore normal da mesma especie. Porén, o bonsai precisa de moitos coidados, polo que un bonsai mantido de forma inapropiada probablemente morrerá.



Esteban, 4º

Os bonsais que tivemos na exposición foron: Carballo, aligustre, pradairo, oliveira, sobreira, alfaneiro, granado, arbusto do elefante, lamagueiros ...


EDNL



## DONA DA TERRA

Dona da terra  
 Illa da vida  
 Alumeas coa túa abundancia o  
 Mundo que sen ti,  
 Un día fundiríase na  
 Natureza frondosa,  
 Derrumbaríase a  
 Illa das maravillas  
 Auga! Auga! Auga!  
 Lamentamos contaminarte  
 Deusa xoquetona  
 Abres as portas da sede,  
 Agóchaste nos rincóns  
 Usando a túa maxia  
 Grazas! grazas!  
 Auga.

Colectivo 3º C.





# CORRELINGUA 2011

O día 10 de maio, dúas clases de terceiro e os de cuarto A fomos ao CORRELINGUA, que é unha carreira non competitiva, onde participan varias escolas de Pontevedra e bisbarra, e na que o idioma é o relevo. Este ano co lema de 'En galego sempre somos'.

Ese día fixo moita calor. Levamos uns medallóns nos que poñía unha palabra e o seu significado en galego.



Cando chegamos á Ferrería, primeiro estivemos sentados esperando diante do escenario a que chegaran os demais colexios, ao chegaren todos, apareceu no escenario un animador, con el estivemos quentando as pernas e os brazos, a continuación foron chamando aos distintos colexios para ir

uns detrás dos outros paseando pola zona vella, pasamos por moitas rúas como a praza da Pedreira, Michelena e outras .





Logo volvemos ao punto de encontro, alí déronnos botellas de auga, actuou o mago Martín Camiña e bailamos cun grupo moi animado, que cantou algunhas cancións en galego, a banda chamábase "Os Festicultores". Os de cuarto fixemos guerra de auga con botellas, e ao acabar o acto nos deron uns globos xigantes para soltar polo aire, para que viaxen coas palabras en



galego cara a vindeira etapa. Quedou o ceo como o arco da vella.

Tamén agasallaron a todos os colexios cun lote de libros. Gustounos moito todo; pero ao rematar tivemos que volver para a clase coa nosa rutina.

Cando iamos de volta ao colexio, paramos na praza

dos músicos, e na praza da liberdade para facernos unha foto todos xuntos, como un ledo recordo a gardar.

Ao chegar á clase fixemos un pouco de lingua galega e nos fomos á casa.



Laura, María, Iria, Clara e Carla 4º A



# Xadrez na Escola

XADREZ SOLIDARIO



Neste curso tivemos tres acontecementos de xadrez: O Xadrez na Escola (torneo interno), o xadrez nos Xogos de Porto (Portugal), e o Xadrez na Rúa - Xadrez Solidario. Aquí temos algúns dos participantes e tamén dalgúns medallistas (de Portugal e do Xadrez na Rúa).



# LETRAS GALEGAS 2011



## LOIS PEREIRO

Lois Pereiro nace en Monforte en 1958. Realiza estudos de tradución en Madrid, cidade á que marcharía co seu irmán Xosé Manuel con só dezasete anos. Alí mantense economicamente vertendo ao castelán filmes e series para a televisión. Pero en Madrid vai estar vencellado, por amizade e por proxectos comúns, ao grupo que formaba con Manolo Rivas, Antón Patiño

ou Xavier Seoane. Co esforzo de todos, naceron as publicacións de pulo innovador, e agora xa míticas, *Loia* ou *Luces de Galiza*.

Porén, os riscos asumidos na vida madrileña de principios dos oitenta fixeron que Lois determinase o seu regreso á Coruña, onde se manteñen os nexos con aqueles que constituían o grupo de Madrid, e, de novo aquí, vivirá fundamentalmente do xornalismo.

Gaña o Concurso Nacional de Poesía *O Facho*. O seu primeiro libro publicado reflicte xa unha tendencia etiquetada como punk, moi presente na súa vida. No entanto, as súas influencias semellan ben sofisticadas.

En 1992 publica *Poemas 1981/1991* e en 1995 aparece a *Poesía última de amor e enfermidade*. Con só dous libros publicados xa define un estilo literario curto e tenso, cualificado como de economía expresiva: non se excede en recursos formais, emprega abundantemente o establecemento dicotómico de realidades elementais (amor/desamor, vida/morte). Neste derradeiro libro, en vida, de Lois, que foi reeditado nos últimos tempos, atópase un novo xeito de entender a existencia: para aprehendela en profundidade é necesario ter conciencia da morte.

Lois Pereiro morre, en 1996. Nese ano do seu finamento, o seu irmán, Xosé Manuel, fai que saia á luz *Poemas para unha Loia*. Nel expón moitas das súas ideas e conviccións sociais e políticas, ofrecendo unha panorámica que inclúe unha chea de referencias directas a escritores, filósofos ou políticos dos que bebe.

Lucía Ferrer Doporto-5ºB



# CUARTO A LEMBRA

sextos

sextos



sextos

## 2011

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) no ano 1958  
e morreu en A Coruña no ano 1996.







# A LOIS PEREIRO

## FUNDACIÓN DA REVISTA LOIA



DE LOIS PEREIRO.  
Colaboración: De Antón Patiño, Manuel Rivas, e Xosé Manuel Pereiro.



Iria, Laura, Antía C., María C. e Clara 4 A





# Nai

Umha persoa que todo o dá  
loita e chora cando me porto mal  
esa é a miña nai!


Animame, dame forras,  
léxame e agáxime;  
Esa é a miña nai!

Sobre moito cando lle falo mal  
e nunca me deixa de apoiar;  
esa é a miña nai!

Nai, nai, canto te quero miña nai!



Pablo Esteban 5ºA







## SABOREANDO OS LIBROS



Damos a man a  
 Imaxinación dos  
 Autores que nos  
 Deixan  
 Abrazar os libros.  
 Soñamos con aventuras  
 Boas que dan a  
 Infancia  
 Bicos con letras.  
 Lemos libros que  
 Inician os pensamentos.  
 Ollamos os debuxos,  
 Temos curiosidade  
 E vamos a biblioteca  
 Cantando de  
 Alegría e  
 Saboreando os libros



Colectivo 3º C.



# ADIVIÑAS EN QUE SECCIÓN ESTÁS ?

Aínda que ten dentes e garda  
a casa ,  
nin roe nin ladra .

[.....]

Con ela vives ,  
con ela falas ,  
con ela rezas  
e ata bocexas .

[.....]

Alto de pernas,  
delgado de bóla,  
en cada póla , unha pitola.

[.....]

Unhas son redondas ,  
outras ovaladas ,  
unhas pensan moito ,  
outras case nada .

[.....]

Qué cousa ten o muíño  
precisa e non necesaria ;  
non pode moer sen ela  
e non lle serve de nada ?

[.....]

Son dúas nenas  
xemelgas  
que todo o mundo  
as leva.

[.....]

Imos para a cama  
facer o que Deus manda ,  
xuntar pelo con pelo  
e o bulebule no medio .

[.....]

Tesme na túa casa,  
aínda que non me poidas ver ;  
se o interruptor premes ,  
todo iluminarei !

[.....]

É un tren pequeniño  
que só leva un vagón ;  
vai con roldana ,  
pola vía , non .  
Que baixa, que sobe  
por dentro dun túnel ;  
vai polas casas  
polo monte , non .

[.....]

O que fai , non o quere ,  
o que o merca non o usa ,  
e o que o usa non o ve,

[.....]

Que cousiña é ,  
que canto máis lle quitas ,  
máis grande é ?

[.....]

Roberto Rodríguez Gordo 5º C



# O rincón do chiste

**1.- ¿Coñeces o chiste da electricidade?**

-Non.

-Pois é moi corrente. O pillas?

-Si.

-Pois sóltalo que da cambras.

\*\*\*\*\*

**2 - Un chiste verde rápido: unha leituga nunha moto.**

\*\*\*\*\*

**3.- ¿Coñeces o chiste do zoo?**

- Non.

-Lóxico.

\*\*\*\*\*

**4.- ¿Coñeces o chiste do iogur?**

-Non.

- Natural.

\*\*\*\*\*

**5.- Vai un borracho pola rúa e encontrase cun amigo que lle pregunta:**

- Gústache Plácido Domingo?

- Mellor que o amolado luns.

\*\*\*\*\*

**6.- Des Patxi!, as túas vacas fuman?**

-Non.

-Pois se che está queimando o casarío.

\*\*\*\*\*

**7.-Vai Gorka pola rúa coa cabeza toda vendada e encontrase cun amigo que lle pregunta:**





- Des Gorka!, que ta *pasao*?

-Nada, Patxi, ti non sabes o muro que pon "se traspasa"?.... Pois non se traspasa, oes ti.

**Miguel Pérez Gomara 5º C**



# O BOSQUE FELIZ







# i MARIA MATOUSE!




Erase unha vez unha gorriniga chamada MARÍA.



Un día ía a súa colonia cargada de pan.



Ao día seguinte foi unha ouruga a decirlle os pais de MARÍA que se matou.





# AS TRES CADELAS FAMOSAS


Había unha vez tres cadelas que non eran amigas, as tres eran da mesma raza un "lichón maltés" todas branquiñas. As tres eran famosas.



Todas enfadadas polo comentario de Lucy, "a actriz" fóronse



Cando as tres cadelas chegaron aos seus oficios



E Lucy, Mindy e Lali traballaron xuntas!

# FIN

Carla Pina Mulas  
4ºB.





# O volcán en erupción


Nunha cidade había un volcán...



todos estaban moi contentos




Pero o volcán non o estaba



Un día o volcán empezou a votar lava



A metade da poboación morreu



Os científicos déronse conta que a contaminación era mala para o volcán



Entón causaron menos contaminación Andando na bicicleta.



Entón o volcán púxose moi feliz.





## REMATA O CURSO

No remate deste ano escolar, queremos compartir con toda a comunidade educativa a colleita dunha nova entrega, participada polo esforzo das nenas e nenos que coa colaboración do profesorado, encheron de creatividade e enxeño estas páxinas, amoreadas de pequenos momentos acontecidos ao longo deste curso.

Unha vez máis, seguimos apostando pola escola pública -da cal somos referente e cita senlleira-, como depositaria e transmisora dos valores formativos que atesoura unha sociedade avanzada, dinámica e libre.

Agradecemos o compromiso do profesorado e daqueles membros da comunidade escolar que se implicaran na potenciación e defensa do galego na escola.

Consideramos a oralidade como unha práctica eficaz, para que a lingua siga medrando e se reafirme como instrumento de comunicación útil. Para elo é preciso empoderámonos decididamente, fornecendo a nosa autoestima lingüística e cultural, a prol dunha lingua de calidade.

Dende este voceiro, rendémoslle unha homenaxe chea de recoñecemento e agarimo ao profesorado que deixa a súa actividade docente, nese paso cara a xubilación, despois de longos anos de entrega á actividade educativa: José Carlos Otero López, Esperanza Besteiro Núñez, Victoria Fernández Montoto e José Manuel Abeledo Márquez. Desexámoslles moitos parabéns na nova etapa que comezan.

Lembramos tamén ao alumnado de sexto, que se vai para iniciar a súa andaina pola Educación Secundaria. Agardamos que os seus esforzos sexan recompensados cunha morea de éxitos e lles permitan acadar con degoro e responsabilidade novos obxectivos.

Remata o curso co mes de xuño devalándose neste taller de recordos cara os derradeiros intres habilitados en despedida na escola de Campolongo. E chega o verán co recado das vacacións e co peto cargado de ilusións e arelas, nese horizonte de lecer e merecido descanso para toda a comunidade educativa.



*Revista: Esperpento Nº31*

*Ano de publicación: 2011*

*Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo*

*Dirección e coordinación: Equipo de Dinamización*

*Lingüística.*

*O noso agradecemento a todos os que colaboraron na elaboración da Revista Esperpento.*

EDL DO CEIP CAMPOLONGO



# CEIP "CAMPOLONGO"




## PONTEVEDRA



## 6º PRIMARIA 2010 - 2011





Manuel  
Quiroga

Infantile

Campeón